



BASES INFORMACIÓN XERAL “CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS PEGADAS”

REXISTRO NA PÁXINA WEB

Poderán participar no camiño escolar seguro “Pegadas” todos os nenos e nenas que se despracen ata o colexio camiñando, en bicicleta, patinete así como os que fagan uso do bica e arrinca ou do aparcamento disuasoiro.

Para participar é necesario estar dado de alta na páxina web **pegadas.naron.gal** onde se rexistrarán os datos do/a menor e dun titor/a. Unha vez dado de alta o/a menor xa quedará rexistrado ata que termine os estudos nese centro escolar no que se rexistrou. Rexistraránse un ou máis irmáns co mesmo titor/a e mesmo correo, se pode engadir en calquera momento máis irmáns . Unha vez dado de alta o/a menor se remitirá automaticamente unha pulseira o centro escolar para o neno ou nena.

Se alguén cambia de colexio só é necesario facer o cambio na páxina web facendo indicación do novo colexio, a pulseira unha vez feito este cambio serve a mesma que estábamos utilizando.

As notificación sobre a chegada o centro escolar do neno ou nena, así como calquera outra notificación realizarase no correo e a app da persoa titor/a que realizou o rexistro. Si se quere recibir estas notificacións en máis dun correo deben comunicalo en Educación Viaria por correo ou vía telefónica.

Existe unha APP específica para os teléfonos móbiles con sistema Android da aplicación pegadas.

FUNCIONAMENTO DA PULSEIRA

Ao pasar a pulseira as nenas e nenos polo punto de control pode aparecer:

- Unha luz de cor verde que indicará que todo está funcionando ben e aos pais ou nais chegaralles un correo sumando unha “pegada”.
- Unha luz de cor laranxa significa que a pulseira xa se pasou nese mesmo día polo punto de control.
- Unha luz cor vermella que indicará que a pulseira presenta algún fallo. Neste caso avisarase aos responsables do Equipo de Educación Viaria, por correo ou teléfono, para proceder a un cambio de pulseira.

En caso de perda da pulseira será posible solicitar unha nova comunicando o Equipo de Educación Viaria, por correo ou teléfono.

FORMA DE OBTELOS PUNTOS E CANXE DE PEGADAS

Asinarase 1 punto = 1 pegada por cada día que o neno ou nena acuda o colexio camiñando e faga o rexistro no punto check point do colexio. Estes puntos poderán ser canxeados posteriormente por descontos ou agasallos que se poden ver no catálogo de puntos na páxina web **pegadas.naron.gal**.

Unha vez acadados o puntos desexados para o canxe, que pode ser en calquera momento do curso escolar sin ter que esperar o final de curso, se terá que acudir a oficina do Equipo de Educacion Viaria na planta baixa do Concello de Narón (horario de mañá luns/mércores/vernes de 10 a 13h) para selar o vale emitido ou facer o canxe, posteriormente se acudirá ao comercio elexido con ese vale para facer efectivo o canxe polo regalo ou desconto.

Hai comercios que teñen un número limitado de premios para cada número de pegadas, polo que unha vez agotados se poderán canxear as pegadas por outros regalos de similar pegadas.

A data límite para emitir vale das pegadas de cada neno ou nera será ata o 15/07 éste día incluído, a partir do cal poranse todos os marcadores a 0 pegadas para comezar novamente de forma automática ao comezo do primeiro día de clases do seguinte curso escolar, sen necesidade de volverse a dar de alta ou cambiar a pulseira.

Lembrete que despois de obter o vale será preciso que o sele o Equipo de Educación Viaria e posteriormente se procederá con ese vale necesariamente selado a recollida do agasallo no correspondente local.

A data máxima para recollida do agasallo no comercio será ata o 30/09 de cada ano, salvo algún comercio que establezca outra data o cal indicárase no vale.

Queremos tamén agradecer a gran colaboración aportada durante todos estes anos polos comercios de Narón que de forma desinteresada doan agasallos que son os que forman o catálogo onde logo os nenos e nenas escollen dacordo as súas pegadas. Por todo isto queremos solicitar dos pais e nais comprensión e tolerancia ante os comercios cando fan a elección do agasallo e van recollelo ao comercio, agradecéndose así mesmo facer un maior uso do comercio local ao longo do ano.

Na data do cumpleanos dos/as menores engadíranse 10 pegadas. Cando esta data este comprendida entre o 25/06 e o 10/09 (etapa estival) as pegadas serán engadidas o curso anterior.

CONTACTOS EDUCACIÓN VIAL

Para calquera dúbida ou consulta sobre os camiños escolares existen os seguintes contactos de Educación Viaria.

correo electrónico: seguridadevial@naron.gal

Teléfonos: 600.448.730 - 666.438.222